CENTRO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA) AXENCIA GALEGA DE CALIDADE AGROALIMENTARIA	ENCARGADO/A MRA113300336001112
CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADES (A CORUÑA) CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE	ENCARGADO/A XERAL PSC994050115001425
SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	ENCARGADO/A XERAL IVA191000036001143

- Non é obxecto desta modificación da relación de postos de traballo a funcionarización e clasificación do posto de **Oficial de Servizos Técnicos (CP MAO310000015770156) do grupo III categoría 69** no Instituto de Estudos do Territorio. En relación a este posto consta no expediente a seguinte documentación:
 - Informe da Dirección do Instituto de Estudos do Territorio**, do 13.04.2023, conforme as funcións desempeñadas neste posto son as propias da escala técnica de delineantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco dos procedementos xestionados en materia de cartografía polo IET.
 - Resolución da Dirección Xeral da Función Pública**, de data 20.10.2023, excluindo á persoa titular do posto, do proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo de Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao Grupo III, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocado pola Resolución do 26 de abril de 2021.

Recolle tamén esta resolución a conservación de todas as actuacións realizadas pola persoa interesada ata o momento no que se convoque o novo proceso de funcionarización, no que se





lle dará por superada a fase de oposición e a fase de concurso. Este novo proceso refírese ao correspondente a acceder á condición de persoal funcionario de carreira do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (grupo B).

- **Notificación da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Avaliación Profesional** da Dirección Xeral da Función Pública, de data 19.03.2024, á persoa titular do posto, da conservación das actuacións realizadas no proceso convocado pola resolución do 26 de abril de 2021, polo que se dá por superada a fase de oposición e a fase de concurso
- **Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso** para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo Xurídico (Dog nº 243 do 26 de decembro). Forma parte desta convocatoria o posto MAO310000015770156 no grupo III categoría 29 delinente de 1ª, proceso pendente de resolución.

En consecuencia, **cómpre a funcionarización deste posto no Corpo de Técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral, escala técnica de delincentes (grupo B)**, noutra modificación da relación de postos de traballo que está a tramitar, paralelamente, esta Dirección Xeral da Función Pública.

- **Postos do grupo III que non se funcionarizan mantendo a clasificación de persoal laboral**
 - **Analista de laboratorio (CP SAS994010015770027) do grupo III categoría 17** da Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, que se transformará en praza estatutaria cando sexa vacante
 - **Animador/a sociocultural (CP SAS994010032800021) do grupo III categoría 90** da Área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras (Toén), , que se transformará en praza estatutaria cando sexa vacante





• **Sexto.1.2 Referencias a determinados postos de traballo do grupo III**

- **Oficial 2ª de cociña (CP EDC994010132250001) no CEIP "Carmen García Carrasco" en Cenlle (Ourense), da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; posto de persoal laboral do grupo IV categoría 5.**

A persoa laboral fixa titular deste posto de traballo ten reclasificada a categoría profesional a grupo III categoría 65, por sentenza 710/02 do xulgado do social nº 3 de Ourense de data 31.10.2002 (autos nº 681/02).

Esta persoa está inscrita no proceso convocado por Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG nº 243 do 26 de decembro); **dende o grupo III categoría 65 Oficial/a 1ª cociña (...)**

Dado que este proceso está pendente de resolución, de superar o mesmo a persoa interesada, procederáse á reclasificación no corpo e escala correspondente co obxectivo de facer efectivo o seu dereito á toma de posesión.

- **Engadimos formación específica e observacións a determinados postos de traballo de persoal laboral fixo discontinuo que pasan a traballar todo o ano como persoal funcionario do subgrupo C1**

CENTRO DE DESTINO	POSTO	CORPO-ESCALA-ESPECIALIDADE	FORMACIÓN ESPECÍFICA E OBSERVACIÓNS
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO	GOBERNANTE/A PSC994021032190004	Corpo administrativo da Administración xeral da CA de Galicia Axudantes de carácter facultativo de Administración especial • Escala técnica de gobernantes/as. Especialidade gobernante/a	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO	OFICIAL 1ª COCIÑA PSC994021032190012	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial • Escala técnica de cociña	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO	OFICIAL 1ª COCIÑA PSC994021032190013	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial • Escala técnica de cociña	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO	OFICIAL 1ª COCIÑA PSC994021032190014	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial • Escala técnica de cociña	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM





CENTRO DE DESTINO	POSTO	CORPO-ESCALA-ESPECIALIDADE	FORMACIÓN ESPECÍFICA E OBSERVACIÓNS
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO	OFICIAL 1º MANTEMENTO PSC994021032190017	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial <ul style="list-style-type: none">• Escala técnica de mantemento de servizos	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO	SUBGOBERNANTE/A PSC994021032190021	Corpo administrativo da Administración xeral da CA de Galicia Axudantes de carácter facultativo de Administración especial <ul style="list-style-type: none">• Escala técnica de gobernantes/as. Especialidade gobernante/a	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN	GOBERNANTE/A PSC994021036350004	Corpo administrativo da Administración xeral da CA de Galicia Axudantes de carácter facultativo de Administración especial <ul style="list-style-type: none">• Escala técnica de gobernantes/as. Especialidade gobernante/a	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN	XEFE/A DE COCIÑA PSC994021036350010	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial <ul style="list-style-type: none">• Escala técnica de cociña	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN	OFICIAL 1º COCIÑA PSC994021036350018	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial <ul style="list-style-type: none">• Escala técnica de cociña	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN	OFICIAL 1º COCIÑA PSC994021036350019	Axudantes de carácter facultativo de Administración especial <ul style="list-style-type: none">• Escala técnica de cociña	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN	SUBGOBERNANTE/A PSC994021036350022	Corpo administrativo da Administración xeral da CA de Galicia Axudantes de carácter facultativo de Administración especial <ul style="list-style-type: none">• Escala técnica de gobernantes/as. Especialidade gobernante/a	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM

- Postos da Consellería de Política Social e Xuventude
- 954: Permiso conducir B (Requisito indispensable)

- **Sexto 1.3 Especial consideración na funcionarización e clasificación dos postos de Gobernante/a, Gobernante/a (cociña), Gobernante/a (servizo doméstico) (grupo III categoría 4) e Subgobernante/a (grupo III categoría 78)**

A Orde do 10 de marzo de 2021 modificara o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (Dog nº 61 do 31 de marzo)





Esta orde do 10 de marzo de 2021, establecía as seguintes equivalencias:

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL	ESCALA PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE
<ul style="list-style-type: none">III-04: gobernante/a, gobernante servizos domésticos, encargado/a de lavadoiro, roupeiroIII-78: subgobernante/a	Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo C1)

A Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG N° 243 do 23 de decembro), modificou o cadro número 4 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e **creou a escala técnica de gobernantes/as especialidade Gobernante/a do subgrupo C1 con requisito de titulación de Técnico na rama de hostalaría e turismo.**

Posteriormente a Orde do 27 de novembro de 2023 modificou o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (Dog n° 231 do 5 de decembro).

Esta orde do 27 de novembro de 2023 establece as seguintes equivalencias:

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL	ESCALA PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE
<ul style="list-style-type: none">III-04: gobernante/a, gobernante servizos domésticos, encargado/a de lavadoiro, roupeiroIII-78: subgobernante/a	Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala técnica de gobernantes/as <ul style="list-style-type: none">Especialidade gobernante/a (subgrupo C1).

Tendo en conta que estes **postos do grupo III (categorías 04 e 78)**, do V convenio Colectivo de persoal laboral da Xunta de Galicia foron **ofertados e convocados** para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, no **Corpo administrativo** da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **escala técnica de gobernantes/as especialidade gobernante/a** (ambos subgrupos C1), **cómpre clasificalos, con carácter excepcional**, do mesmo xeito, co obxectivo de facer efectivo o seu dereito á toma de posesión das persoas que superaron os correspondentes procesos de funcionarización.





- **Sexto.2 Postos a funcionarizar, clasificar no subgrupo C2 que comprende a presente RPT**

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **813 postos** de persoal laboral fixo a funcionarizar

Postos a funcionarizar e clasificar no subgrupo C2

Posto	Grupo-Categoría	Corpo	Escala especialidade	Nº de postos	
Técnico/a auxiliar en informática (1)	IV-17	Auxiliar da Administración xeral	---	1 (1)	
Oficial/a 2ª reprografía (*)	IV-22			4 (*)	
Oficial/a 2º cociña	IV-05	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de cociña	347	
Axudante/a de servizos técnicos	IV-06	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de mantemento	9	
Mozo/a de mantemento (2)				1 (2)	
Oficial 2ª mantemento				15	
Oficial 2ª mantemento (albanel)				1	
Oficial 2ª mantemento (calefactor)				1	
Oficial 2ª mantemento (elect. cal.)				1	
Oficial 2ª mantemento (electricista)				1	
Oficial 2ª mantemento (fontaneiro)				1	
Oficial/a de segunda (*)				IV-18	10 (*)
Oficial 2ª agrario				IV-09	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial
Oficial 2ª agrario/a	42				
Oficial 2ª agrícola	4				
Oficial 2ª gandería	3				
Oficial/a establecemento	IV-42	7			
Auxiliar de laboratorio	IV-11	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de laboratorio	89	
Conductor/a	IV-16	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de conducción	75	
Oficial 2ª conductor/a				3	
Auxiliar de arquivos e bibliotecas	IV-35	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos <ul style="list-style-type: none"> • Especialidade de arquivos e bibliotecas 	93	
Auxiliar de arquivo				1	
Ordenanza (3)				2 (3)	





Posto	Grupo-Categoría	Corpo	Escala especialidade	Nº de postos
Auxiliar de museos	IV-36	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos <ul style="list-style-type: none">Especialidade de museos	2
Vixiante de recursos naturais (4)	V-09	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	<ul style="list-style-type: none">Escala auxiliar de gardas de recursos naturais	98 (4)

(*) Pendente de resolución. Proceso convocado por Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo **auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2**, por parte do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupo IV e V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico. (Dog nº 243 do 26 de decembro)

- **(1) Posto de Técnico/a auxiliar en informática** (PSC991000015001476) na Xefatura Territorial da Coruña, aberto a grupo IV categoría 17 almacenheiro/a despenseiro/a. **Cómpre a súa funcionarización como Posto base subgrupo C2, nivel 12, da Administración xeral**, seguindo a nomenclatura empregada e clasificación na funcionarización segundo o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 (DOG nº 120 do 25 de xuño)
- **(2) Posto de Mozo/a de mantemento** (CP PX4994050132570112) no Complexo Deportivo Monterrei na Secretaría Xeral para o Deporte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao que á persoa propietaria lle foi reclasificada a categoría profesional de grupo V categoría 12 a grupo IV categoría 6 por sentenza 118/09 do xulgado do social nº 1 de Ourense de data 23.03.2009. **Cómpre a súa funcionarización como Axudante/a de servizos técnicos, do Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, escala de auxiliar de mantemento (subgrupo C2)**. Este posto non formou parte da funcionarización no subgrupo AP.
- **(3)**
 - **Posto de Ordenanza (CP EDC995030127001033)** no Complexo Deportivo Monterrei na Secretaría Xeral para o Deporte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao que á persoa propietaria lle foi reclasificada a categoría profesional de grupo V categoría 3 a Auxiliar de arquivo e bibliotecas do grupo IV categoría 35 por sentenza do xulgado do social nº 2 de Lugo de data 15.01.2007. **Cómpre a súa funcionarización como Auxiliar de arquivos e bibliotecas, do Corpo de Auxiliares de carácter técnico de Administración especial, escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade arquivos e bibliotecas (subgrupo C2)**.





- **Posto de Ordenanza (CP EDC995030115001053)** no Arquivo do Reino de Galicia da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ao que á persoa propietaria lle foi reclasificada a categoría profesional de V categoría 3 a Auxiliar de arquivo e bibliotecas do grupo IV categoría 35, por sentenza nº 370/2016 do xulgado do social nº 5 da Coruña de data 03.06.2016. **Cómpre a súa funcionarización como Auxiliar de arquivos e bibliotecas, do Corpo de Auxiliares de carácter técnico de Administración especial, escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade arquivos e bibliotecas (subgrupo C2).**
- **(4) Postos de Vixiante Recursos Naturais pertencentes ao grupo V categoría 9 (Celador/a de 2ª Vixiante de recursos naturais)** categoría con equivalencia de persoal funcionario ao Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia - **escala de gardas de recursos naturais (subgrupo C2)**. Estes postos non formaron parte da funcionarización do subgrupo AP.

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **813 postos** que, ademais dos **250 postos (*)** do persoal laboral fixo que superou os procesos anteriores correspondentes **con posibilidade de cambio de vínculo xurídico**, inclúe tamén outros **563 postos** de persoal laboral que tamén son obxecto de funcionarización, e que poden corresponderse con:

- Postos de traballo ocupados por persoal laboral fixo que non superou o proceso, e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo.
- Postos de traballo ocupados por persoal laboral fixo, cuxos procesos están pendentes de resolución
- Postos de traballo vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal e indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando, nas mesmas condicións e situación, ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de Emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.
- Postos cuxos ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubilaron antes do nomeamento como persoal funcionario.
- Postos cuxos ocupantes están en excedencia voluntaria por incompatibilidade
- Postos de persoas aprobadas que están en adscrición provisional (superior categoría ou causas de saúde)





- Postos de persoas que teñen reclasificada a categoría profesional por sentenza pero que non superaron ou non participaron no proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira

(*) Inclúe un **posto de Vixiante/a de Arquivos, Bibliotecas e Museos (CP EDC995030115001064) no Arquivo do Reino de Galicia**. Este posto procedía da categoría de persoal laboral de Vixiante de Bibliotecas do grupo V categoría 10E e foi modificado e clasificado na Agrupación profesional de persoal funcionario na escala de persoal subalterno (AP)

Esta modificación e clasificación fíxose por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral e no corpo facultativo superior de Administración especial, escala de expertos/as lingüistas, subgrupo A1, no corpo de xestión da Administración xeral e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial, escala técnica de restauración, e escala de técnicos facultativos, especialidade educador infantil, subgrupo A2, na agrupación profesional do persoal funcionario, escalas de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais, de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Dog nº 38 do 22 de febreiro).*

Á persoa titular do posto de traballo lle foi reclasificada a categoría profesional de vixilante do V categoría 10E a Auxiliar de arquivo e bibliotecas do grupo IV categoría 35, por sentenza nº 375/2019 do xulgado do social nº 1 da Coruña de data 03.10.2019. **Cómpre a funcionarización do posto como Auxiliar de arquivos e bibliotecas, do Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, escala de arquivos, bibliotecas e museos especialidade arquivos e bibliotecas (subgrupo C2)**

- **Sexto.2.1** Postos da categoría do grupo IV de persoal laboral da Xunta de Galicia que neste momento **non son obxecto de funcionarización**.
 - **Postos da categoría de Auxiliar de fogar, coidador/a auxiliar, auxiliar coidador/a, auxiliar de internado do grupo IV categoría 4** por estar prevista unha modificación da Orde do 27 de novembro de 2023 pola que se modifica o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia e poidera afectar a esta categoría.
 - **Postos de Conserxe**, do grupo IV categoría 20, por estar afectada esta categoría polo Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma





de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

- **Posto de Conductor/a (CP IVE100000015770120)**, do grupo IV categoría 16, na Dirección da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia por ser a amortizar cando sexa vacante, sendo vacante na actualidade
 - **Posto de Capataz Agrario (CP MRA112800327460001)** na Estación experimental agrogandeira da Pobra do Brollón (Lugo) da Axencia Galega de Calidade Agroalimentaria por estar ocupado por persoal funcionario do grupo E.
- **Sexto.2.2 Referencias a determinados postos de traballo do grupo IV**
 - **Peón/oa forestal (CP MAC994030132190034) da Piscifactoría Carballiño, no Carballiño (Ourense).**

Este posto foi funcionarizado e clasificado de grupo V categoría 10F a Agrupación profesional da escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade persoal de recursos naturais e forestais (subgrupo AP) da Administración Xeral (subgrupo AP), por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación (entre outros), na agrupación profesional do persoal funcionario, escalas de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais (Dog nº 38 do 22 de febreiro de 2024).

A persoa laboral fixa titular do posto de traballo ten reclasificada a categoría profesional a Oficial 2ª por sentenza do Social número 2 de Ourense, nº 643/2009 de data 30.09.2009 (autos 384/2009)

Esta persoa está inscrita no proceso convocado por Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo **auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2**, por parte do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupo IV e V do V Convenio





colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (Dog nº 243 do 26 de decembro); **dende o grupo IV categoría 18 Oficial/a de 2ª.**

Dado que este proceso está pendente de resolución, de superar o mesmo a persoa interesada, procederáse á reclasificación no corpo e escala correspondente co obxectivo de facer efectivo o seu dereito á toma de posesión.

▪ **Ordenanza (CP EDC995010115001031) da Biblioteca da Coruña da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; posto de persoal laboral do grupo V categoría 3**

A persoa laboral fixa titular deste posto de traballo ten reclasificada a categoría profesional a Auxiliar de arquivo e bibliotecas do grupo IV categoría 35, por sentenza nº 20 (autos 590/2008) do xulgado do social nº 1 da Coruña de data 14.01.2009.

Esta persoa está inscrita no proceso convocado por Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo **auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2**, por parte do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupo IV e V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (Dog nº 243 do 26 de decembro); **dende o grupo IV categoría 35 Auxiliar de arquivos e bibliotecas**

Dado que este proceso está pendente de resolución, de superar o mesmo a persoa interesada, procederáse á reclasificación no corpo e escala correspondente co obxectivo de facer efectivo o seu dereito á toma de posesión





- Engadimos formación específica e observacións a determinados postos de traballo de persoal laboral fixo discontinuo que pasan a traballar todo o ano como persoal funcionario

CENTRO DE DESTINO	POSTO	CORPO-ESCALA-ESPECIALIDADE	OBSERVACIÓNS
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO (*)	OFICIAL 2ª COCIÑA PSC994021032190029	AUXILIAR DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL <ul style="list-style-type: none">ESCALA AUXILIAR DE COCIÑA	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO (*)	OFICIAL 2ª COCIÑA PSC994021032190030	AUXILIAR DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL <ul style="list-style-type: none">ESCALA AUXILIAR DE COCIÑA	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN (*)	OFICIAL 2ª COCIÑA PSC994021036350030	AUXILIAR DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL <ul style="list-style-type: none">ESCALA AUXILIAR DE COCIÑA	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN (*)	OFICIAL 2ª COCIÑA PSC994021036350031	AUXILIAR DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL <ul style="list-style-type: none">ESCALA AUXILIAR DE COCIÑA	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
PARQUE NATURAL COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO (**)	VIXIANTE RECURSOS NATURAIS MAC993031015720045	AUXILIAR DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL <ul style="list-style-type: none">ESCALA AUXILIAR DE GARDAS DE RECURSOS NATURAIS	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
DISTRITO XVI DEZA - TABEIROS / CONCA RÍO ULLA (**)	VIXIANTE RECURSOS NATURAIS MAC993016536170039	AUXILIAR DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL <ul style="list-style-type: none">ESCALA AUXILIAR DE GARDAS DE RECURSOS NATURAIS	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
DISTRITO XVI DEZA - TABEIROS / CONCA RÍO ULLA (**)	VIXIANTE RECURSOS NATURAIS MAC993016536170042	AUXILIAR DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL <ul style="list-style-type: none">ESCALA AUXILIAR DE GARDAS DE RECURSOS NATURAIS	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM
DISTRITO XVIII VIGO - BAIXO MIÑO / ESPAZOS REDE NATURA (**)	VIXIANTE RECURSOS NATURAIS MAC993018436380005	AUXILIAR DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL <ul style="list-style-type: none">ESCALA AUXILIAR DE GARDAS DE RECURSOS NATURAIS	954 ITINERANTE EN CENTROS DA CONSELLERÍA A UNHA DISTANCIA NON SUPERIOR A 30 KM

- (*) Postos da Consellería de Política Social e Xuventude
- (**) Postos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda
- 954: Permiso conducir B (Requisito indispensable)





- **Sétimo. Sexta RPT de funcionarización**

A presente modificación da relación de postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde á quinta RPT de funcionarización:

A **primeira** foi aprobada por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia* (DOG nº 120 do 25 de xuño, corrección de erros do DOG nº 152 do 10 de agosto).

A **segunda** foi aprobada por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de febreiro de 2022 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente á administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as clasificacións na escala de facultativos (especialidades de medicina, psicoloxía, pedagogía), escala técnica de facultativos (especialidades de enfermaría, educadores, fisioterapia, traballo social, terapeuta ocupacional), escala de axentes técnicos facultativos (especialidade de educación infantil) e escala de auxiliares de clínica; así como a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización, aprobada polo Acordo do 24 de xuño de 2021. 2021* (DOG núm. 36 do 22 de febreiro, corrección de erros DOG nº 53 do 17 de marzo)

A **terceira** foi aprobada por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de abril de 2023 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña)* (Dog nº 78 do 24 de abril)

A **cuarta** foi aprobada por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, do grupo B; na escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades de bombeiro/a forestal-condutor/a de motobomba, emisorista-vixilante fixo/a e bombeiro/a forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico*





de Administración especial, subgrupo C2; e no corpo auxiliar de Administración xeral, subgrupo C2 (DOG nº 101 do 30 de maio)

A **quinta** foi aprobada por Resolución do 16 de febreiro de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral e no corpo facultativo superior de Administración especial, escala de expertos/as lingüistas, subgrupo A1, no corpo de xestión da Administración xeral e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial, escala técnica de restauración, e escala de técnicos facultativos, especialidade educador infantil, subgrupo A2, na agrupación profesional do persoal funcionario, escalas de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais, de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 38, do 22 de febreiro).

Oitavo. Clasificación dos postos de traballo

Os procesos de adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do *Convenio Colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia*, que está a levar a cabo esta Dirección Xeral da Función Pública, resultan coa finalidade de levar a efecto o cumprimento da normativa correspondente en canto aos postos que deben ser cubertos por persoal funcionario, aos principios de organización, racionalización e ordenación do persoal, así como homoxeneizar o réxime xurídico e as condicións de traballo aplicables a este, coa finalidade de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Estos procesos lévanse a cabo con pleno respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, sen mingua dos dereitos das persoas traballadoras afectadas.

Resaltar que **non é obxecto dos procesos de funcionarización levar a cabo unha nova valoración e/ou valoración complementaria dos postos de traballo, toda vez que esta valoración xa se efectuou no momento da creación de cada posto** nas correspondentes relacións de postos de traballo. Unha nova valoración resulta improcedente e allea a este procedemento de correspondencia como persoal funcionario, xa que cada un dos postos mantén, en cada un dos seus centros e unidades, as mesmas funcións e responsabilidades que cando eran postos de persoal laboral.





Tendo en conta o anterior, **procederese á clasificación completa** dos postos de persoal laboral como de persoal funcionario dentro do seo da negociación correspondente, así como a idoneidade do **mantemento ou non das denominacións** existentes dos mesmos en acorde a esta clasificación.

O director xeral da Función Pública. José María Barreiro Díaz

